
ROGO DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA O ACONDICIONAMENTO DUNHA PARADA DE AUTOBÚS EN AMIO

Na rúa de Amio, en fronte ao Centro de Negocios Costa Vella, está sinalizada na calzada unha parada de autobuses. Esta parada non conta con ningún espazo habilitado para que as persoas usuarias agarden, nun viario que tampouco dispón de beirarrúas. Deste xeito, as únicas alternativas para a espera son a propia calzada, orixinando posibles situacións de risco para o tráfico, ou o lateral do viario, con herba e enlamedo cando chove.

Tendo en conta a situación, que se pode ver nas fotografías que acompañan este rogo, o Grupo Municipal de Compostela Aberta:

SOLICITA:

- Que se acondicione un pequeno espazo no lateral do viario para que as persoas usuarias do autobús que utilizan a parada da rúa de Amio poidan agardar con comodidade e sen xerar situacións de risco para o tráfico.

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2020



Jorge Duarte Vázquez



GRUPO MUNICIPAL

Concelleiro do Grupo Municipal de Compostela Aberta





